

En atención ás características do presente proceso selectivo, e resultando que neste proceso se convocaron trece prazas vacantes “CONSERXE” coa correspondencia de postos de traballo da RPT establecida na convocatoria (SX6.7/040, SX6.7/041, EC2-/078, EC3.2/090, EC3.2/091, EC3.2/092, EC3.2/093, EC0.4/095, EC0.4/096, EC0.4/097, EC0.4/098, EC0.4/099 e EC0.4/100) -con base na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Viveiro, en consonancia coa demais normativa en materia de emprego público de aplicación á Administración Local- as persoas propostas para o seu nomeamento como persoal laboral fixo no correspondente proceso selectivo obterán destino provisional no posto que, no seu caso se atopan desempeñando. As persoas propostas que non se atopan desempeñando ningún posto de traballo dos correspondentes ás prazas convocadas de “CONSERXE” ás que accederon obterán destino provisional, entre os postos restantes, atendendo á orde de prelación resultante do proceso, aplicando en caso de empate os criterios de desempate previstos nas bases xerais.

CUARTO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

QUINTO.- Notificar a presente Resolución os/ás interesados/as, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 18 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, D^a María Loureiro García. Ante min, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D^a. María Luz Balsa Rábade.

R. 4114

Anuncio

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Proposta do Tribunal e a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal, dos procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de “**MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA (TEMPO PARCIAL)**”, persoal laboral fixo, contemplando segundo as calificacións obtidas por cada un dos/as aspirantes, a seguinte orde de puntuación:

B) CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS (Base Xeral 13) :

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	LÓPEZ VILLARES VERÓNICA	50,000
2	FRAGA PEDREIRA DAVID	50,000
3	ESQUERDEIRO CABARCOS LUCIA	50,000
4	MARTÍNEZ LÓPEZ SIRA	49,740
5	ESCUREDO DIEZ ALBERTO	40,440
6	FERNÁNDEZ PRIETO PEDRO	39,400

Tramitado o proceso selectivo ata a súa conclusión, co nomeamento de D^a Sira Martínez López e D. Pedro Fernández Prieto, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade as dúas prazas vacantes “**MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA (TEMPO PARCIAL)**” na Escala Escala Administración Especial, Subescala Técnica do Concello de Viveiro e resolto os recursos interpostos contra a Resolución de Alcaldía de aceptación da proposta do tribunal, non afectando a resolución dos recursos interpostos á resolución do proceso no que atinxe aos aspirantes seleccionados, e tampouco á orde de aspirantes non seleccionados que compoñen a lista de emprego, que non resulta modificada, afectando unicamente aos meses de experiencia

computados a unha das aspirantes, publícase a modificación das puntuacións e cualificacións finais, quedando co seguinte resultado:

APellidos e Nome	MESES A1	MESES A2	MESES A3	MESES A4	MESES A5	TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL OUTROS MÉRITOS	TOTAL PUNTUACIÓN
LÓPEZ VILLARES VERÓNICA	175	0	0	0	129	30,000	* 20,000	* 50,000
FRAGA PEDREIRA DAVID	167	0	12	0	0	30,000	* 20,000	* 50,000
ESQUERDEIRO CABARCOS LUCIA	132	0	11	0	0	30,000	* 20,000	* 50,000
MARTÍNEZ LÓPEZ SIRA	95	6	0	0	58	29,740	20,000	* 49,740
ESCUREDO DIEZ ALBERTO	49	0	69	0	0	20,440	20,000	* 40,440
FERNÁNDEZ PRIETO PEDRO	71	0	0	0	27	19,400	20,000	* 39,400

A resolución dos recursos non afecta ás puntuacións e cualificacións finais.

Viveiro, 18 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4115

Anuncio

Son obxecto do presente anuncio a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 18 de decembro de 2024, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa.

CONVOCATORIA

Á vista dos seguintes antecedentes:

- Proposta de bases.
- Informe de Secretaría e Persoal.
- Consignación orzamentaria.
- Informe de fiscalización.

Vistas as características da praza vacante obxecto da convocatoria:

GRUPO	NATUREZA	CLASIFICACIÓN	N.º DE PRAZAS	CORRESPONDENCIA POSTO RPT
C1	Funcionario	Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa.	1	Administrativo (SX1.0/004)

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras das probas selectivas para a provisión en propiedade da praza vacante anteriormente referenciada.

SEGUNDO. Aprobar a convocatoria do proceso selectivo.

TERCEIRO. Publicar a convocatoria e o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no *Boletín Oficial da Provincia* e con referencia no Diario Oficial da *Comunidade Autónoma*, no *Taboleiro de Anuncios*, no *Taboleiro dixital na sede electrónica e na páxina web*.

CUARTO. Publicar un extracto da convocatoria no *Boletín Oficial do Estado*, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.